



*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.*

Por Resolución do 10 de xuño de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos convocouse un concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

Logo de realizada a valoración inicial pola comisión de selección, publicouse no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal> a resolución provisional do concurso de méritos específico xunto coa adxudicación das prazas, o baremo provisional dos méritos e a relación provisional de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Consideradas as renuncias e as reclamacións á resolución provisional e, de conformidade co punto séptimo da Resolución do 10 de xuño de 2021, esta dirección xeral,

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar no anexo I desta resolución a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso de méritos específico convocado pola referida orde.

Segundo. Publicar no anexo II o baremo definitivo das persoas participantes no concurso de méritos específico agás o das persoas excluídas definitivamente deste que se publican no anexo III xunto coas causas de exclusión.

Terceiro. De conformidade co disposto no punto oitavo da dita resolución, as persoas seleccionadas deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2021 e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

Cuarto. As prazas adxudicaranse en réxime de comisión de servizos e con reserva do posto de traballo de orixe, por un período dun ano prorrogable ata que o alumno remate a etapa educativa que cursa e como máximo por un período que, incluída a comisión de servizos inicial e as eventuais prórrogas, non poderá superar os 6 anos de duración, de acordo co disposto no punto 2 do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo. A prórroga exixirá petición da persoa interesada e o informe favorable do equipo de orientación específico.

Quinto. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal> de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

